

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

5854 *Real decreto 381/2015, do 14 de maio, polo que se establecen medidas contra o tráfico non permitido e o tráfico irregular con fins fraudulentos en comunicacións electrónicas.*

No ámbito dos servizos de comunicacións electrónicas existen axentes que desenvolven actividades destinadas a obter un lucro económico indebido, que van desde simples usos oportunistas das ofertas comerciais dos operadores, pasando por accións que comportan infraccións administrativas, ata outras que implican actividades ilícitas, tanto relacionadas cos propios servizos de telecomunicacións como con outros servizos conexas, como a comercialización de contidos ou os terminais e equipamentos de usuario.

Estas actividades poden adoptar diferentes formas que evolucionan co tempo. As máis habituais son as que se aproveitan da cadea de pagamentos por servizos ou contidos soportados por redes de telecomunicacións que implican a concesión de crédito por un operador a un terceiro, xa sexa outro operador ou un usuario final, que con frecuencia resulta impagado.

Así, estas comunicacións adoitan caracterizarse por ser xeradas e prolongadas de maneira artificial co fin de obter un lucro da cadea de pagamentos de facturación. Inicialmente, estas prácticas asociábanse a servizos de tarificación elevada, que ofrecen maiores marxes de beneficio; no entanto, na actualidade esténdense a todo tipo de servizos e numeracións mediante técnicas de xeración de chamadas masivas, que aumentan o prexuízo económico aos operadores e usuarios e poden chegar a xerar problemas de calidade de servizo, e mesmo poñer en risco a seguridade e a integridade das redes e dos servizos por mor da elevada ocupación de recursos provocada.

Ademais, cando estas prácticas comportan usos non permitidos de recursos públicos de numeración, non só constitúen unha infracción da normativa nacional específica que se pode abordar mediante un adecuado control do uso da numeración, senón que poden chegar a comprometer acordos internacionais subscritos tanto polos operadores como polo propio Reino de España cando se realiza un uso indebido de numeración internacional.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, organismo actualmente integrado na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, aprobou distintas resolucións para autorizar de maneira individual os operadores para procederem ao bloqueo do tráfico en determinados supostos, así como unha resolución, a do 5 de setembro de 2013, pola que se aproba un procedemento común para a suspensión da interconexión de numeracións por tráfico irregular.

O artigo 51 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, establece no seu ordinal segundo que, mediante real decreto, se establecerán as condicións en que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público leven a cabo o bloqueo de acceso a números ou servizos sempre que estea xustificado por motivos de tráfico non permitido e de tráfico irregular con fins fraudulentos, e os casos en que os prestadores de servizos de comunicacións electrónicas reteñan os correspondentes ingresos por interconexión ou outros servizos.

Pola súa banda, o artigo 19 da dita lei establece os principios xerais da numeración, direccionamento e denominación dos servizos de comunicacións electrónicas.

Por todo iso, resulta necesario adoptar medidas normativas contra o tráfico non permitido e o tráfico irregular con fins fraudulentos, encamiñadas tanto a eliminar os incentivos para estas prácticas como a asegurar o correcto uso dos recursos públicos de numeración, á vez que se garante a calidade dos servizos de comunicacións electrónicas

e, moi especialmente, a integridade e a seguridade de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Para os efectos do presente real decreto, existen dous tipos de tráfico non permitido; dunha banda, o tráfico non permitido que usa numeración non autorizada e, doutra banda, o tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración.

Considérase tráfico non permitido que usa numeración non autorizada o que teña orixe ou destino en recursos públicos de numeración que non fosen atribuídos, habilitados ou asignados conforme os correspondentes plans nacionais e internacionais de numeración. Este tipo de tráfico, que se pode identificar polas súas características técnicas, deberá ser bloqueado polos operadores en canto teñan constancia del.

Pola súa vez, o tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración é aquel que, empregando numeración que si está atribuída ou habilitada e asignada, responde a usos indebidos da dita numeración, aínda que tal circunstancia non se pode establecer a priori senón tras unha análise, caso por caso, das súas circunstancias específicas.

Por último, está o tráfico irregular con fins fraudulentos, que é o xerado, inducido ou prolongado artificialmente, así como provocado a través de comunicacións comerciais non solicitadas ou mediante o control non consentido dos sistemas ou terminais de usuario, co obxecto de facer un uso abusivo ou fraudulento das redes e dos servizos, o que igualmente só se pode determinar tras unha análise, caso por caso, das características específicas do tráfico.

Para todos os tipos de tráfico non permitido e tráfico irregular sinalados, establécese que os operadores deben ser quen de identificar a existencia desta clase de tráfico nas redes que operen e nos servizos que presten, como paso previo e indispensable para levar a cabo as debidas actuacións contra estes tráfico, en particular cando así llelo requira a Administración.

Os operadores deberán bloquear a transmisión cara a outros operadores ou provedores do tráfico non permitido que usan numeración non autorizada en canto o identifiquen, e quedan obrigados a identificar, polo menos, o dito tráfico cando é xerado nas súas redes e con destino en recursos de numeración pertencentes aos plans nacionais.

Para os supostos de tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración e tráfico irregular con fins fraudulentos, artículanse actuacións ordenadas que se inician cunha solicitude do operador afectado á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para que verifique se existe un tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración ou un tráfico irregular con fins fraudulentos e autorice o bloqueo destas comunicacións.

Co fin de axilizar a toma de medidas por parte dos operadores, prevese a autorización de criterios para a posta en funcionamento de procedementos específicos para que os operadores, tras unha avaliación caso por caso, poidan reter os pagamentos relacionados con estes tráfico, así como para que poidan bloquear o tráfico dirixido a numeracións individuais.

Tanto para o suposto de tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración como para o de tráfico irregular con fins fraudulentos, considérase a posibilidade de que as actuacións iniciadas polo operador teñan a súa orixe nun conflito entre operadores en materia de acceso ou interconexión. Neses casos, correspóndelle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolver sobre eles en virtude das súas competencias na materia.

Doutra parte, prevese a posibilidade de que a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poida adoptar medidas cautelares e requirirllas aos operadores que adopten as medidas pertinentes, co fin de garantir a integridade e seguridade das redes e servizos de comunicacións electrónicas, a calidade na prestación de servizos de comunicacións electrónicas ou os dereitos específicos dos usuarios de telecomunicacións, entre outros obxectivos, para o cal os operadores deben ser quen de identificar o tráfico non permitido e o tráfico irregular nas redes que operen e nos servizos que presten.

Por outra banda, prevese a adaptación dos acordos de acceso e interconexión entre operadores co obxecto de que incorporen as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto, explicitando que a falta de adecuación dos acordos non exime do cumprimento do establecido nel, cuxas disposicións serán efectivas desde o momento da súa entrada en vigor.

Por último, prevese que os operadores que tivesen implantados procedementos ou sistemas previamente aprobados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a suspensión da interconexión de numeracións por tráfico irregular poidan seguir utilizándoos durante un mes tras a entrada en vigor do presente real decreto, aínda que os operadores que soliciten a autorización de criterios para a implantación de sistemas ou procedementos segundo o establecido neste real decreto poderán seguir utilizando os ditos procedementos previamente aprobados ata que a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información resolva sobre esta solicitude.

As medidas contidas no presente real decreto dítanse de conformidade cos artigos 19 e 20 e co número 2 do artigo 51 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, recoñecida no artigo 149.1.21ª da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de maio de 2015,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece medidas e actuacións destinadas a previr e evitar o tráfico que teña orixe ou destino en recursos públicos de numeración que non fosen atribuídos, habilitados ou asignados; determinados tipos de tráfico contrarios ao establecido nas disposicións de atribución, habilitación ou asignación de recursos nacionais e internacionais de numeración, así como o tráfico irregular con fins fraudulentos cursado nas redes públicas e servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

2. O presente real decreto aplícase aos operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

3. Os obxectivos do presente real decreto son protexer a integridade das redes e a seguridade das redes e servizos de comunicacións electrónicas, asegurar a calidade na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e garantir os dereitos dos usuarios. Así mesmo, perséguese reducir os prexuízos económicos sufridos tanto polos operadores coma polos usuarios.

Artigo 2. *Concepto de tráfico non permitido.*

1. Para os efectos deste real decreto, existen dous tipos de tráfico non permitido:

- a) Tráfico non permitido que usa numeración non autorizada.
- b) Tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración.

2. Considérase tráfico non permitido que usa numeración non autorizada o que teña orixe ou destino en recursos públicos de numeración que non fosen atribuídos, habilitados ou asignados, pertencentes aos seguintes plans e instrucións sobre recursos de numeración:

- a) O Plan nacional de numeración telefónica, aprobado mediante o Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro,

b) As instrucións sobre a utilización de recursos públicos de numeración para a prestación de servizos de mensaxes curtas de texto e mensaxes multimedia, establecidas na Orde ITC/308/2008, do 31 de xaneiro,

c) O Plan internacional de numeración descrito na recomendación E.164 do Sector de normalización das telecomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT-T), incluíndo neste último caso os códigos de país ou de rede internacional que non fosen atribuídos polo UIT-T, os rangos de numeración que non fosen comunicados polas correspondentes autoridades nacionais a través do boletín de explotación do UIT-T e os destinos identificados por procedementos de marcación contrarios ao recollido na correspondente lista anexa do citado boletín.

d) Calquera outro plan de numeración que se determine mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

3. Considérase tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración o que teña orixe ou destino en recursos públicos de numeración dos plans identificados no punto anterior que fosen asignados e que faga un uso dos ditos recursos contrario ás condicións de uso establecidas nas correspondentes disposicións de atribución, habilitación ou aplicación.

Artigo 3. *Concepto de tráfico irregular con fins fraudulentos.*

1. Para os efectos deste real decreto, considérase tráfico irregular o que presenta características que difiren significativamente dos patróns habituais de tráfico cursado baixo un funcionamento ordinario da rede ou dos servizos correspondente a prácticas comerciais xeralmente aceptadas na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas, en aspectos tales como o seu volume, número de conexións ou distribución no tempo, para determinadas orixes, destinos, rutas ou áreas xeográficas.

2. O tráfico irregular terá fins fraudulentos cando resulte xerado, inducido ou prolongado artificialmente co obxecto de obter lucro, directo ou indirecto, da cadea de facturación de pagamentos na prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

En particular, terá a dita consideración o que, cumprindo as condicións anteriores, responda, entre outros, aos seguintes supostos:

a) O baseado no esgotamento dos saldos ou límites de crédito de determinados usuarios mediante comunicacións dirixidas a rutas ou destinos determinados,

b) O baseado na utilización abusiva de bonos, tarifas planas ou esquemas de tarificación similares dirixidos a usuarios finais para a xeración de tráfico ficticio ou mediante a súa posta á disposición de terceiros en condicións contrarias ao previsto nos contratos,

c) O provocado ou inducido por comunicacións non solicitadas, ou

d) O provocado mediante a manipulación ou control non consentido dos sistemas ou terminais de usuario.

Artigo 4. *Identificación de tráfico non permitido e tráfico irregular con fins fraudulentos.*

1. Todos os operadores deberán ser quen de identificar o tráfico non permitido que usa numeración non autorizada, cando teña orixe nas súas redes e destino en recursos públicos de numeración aos cales se refiren as alíneas a), b) ou d) do artigo 2.2.

2. Os operadores poderán implantar procedementos e sistemas que, baseándose nas características do tráfico, permitan identificar os tipos de tráfico que obedezan aos conceptos recollidos nos artigos 2 e 3, e actuar sobre eles, en particular retendo os correspondentes pagamentos de interconexión, acceso ou interoperabilidade, ou bloqueando a transmisión de determinados tipos de tráfico, segundo o disposto nos artigos seguintes.

3. Mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderanse establecer requisitos que deban ser satisfeitos por tales procedementos e sistemas e, de ser o caso,

a obrigabilidade de que sexan sometidos a unha auditoría periódica por parte dunha entidade externa, así como os requisitos que deberán cumprir as entidades auditoras e os criterios para a realización das auditorías.

4. Os operadores que pretendan implantar tales sistemas ou procedementos notificaránllo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información detallando os criterios empregados para identificar os diferentes tipos de tráfico, e porán ao seu dispor toda a información sobre as súas características e operativa, que deberán estar debidamente documentados e desenvolvidos para permitir tanto a súa inspección por parte dos servizos pertinentes da Administración, como a súa auditoría por unha entidade externa.

5. No prazo máximo de tres meses desde a recepción da notificación a que se refire o punto anterior, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ditará resolución motivada pola que autorice ou denegue a utilización dos criterios notificados. A dita autorización constitúe requisito previo para a posta en funcionamento dos citados procedementos e sistemas.

Transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimada a solicitude, sen prexuízo da obriga da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información de resolver expresamente.

Contra as resolucións, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben ser impugnadas directamente ante o órgano competente da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen que poidan ser simultáneos ambos os recursos.

Así mesmo, con posterioridade á posta en funcionamento, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá ditar instrucións vinculantes relativas a estes sistemas ou procedementos, destinadas a garantir o cumprimento efectivo do disposto neste real decreto ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 5. Actuacións ante o tráfico non permitido que usa numeración non autorizada.

Os operadores que identifiquen nas súas redes ou servizos tráfico non permitido que usa numeración non autorizada deberán bloquear a súa transmisión cara a outros operadores ou provedores, e notificaránllo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, así como aos operadores e provedores de servizos afectados por este bloqueo cos cales manteñan unha relación contractual.

Estas notificacións deberanse realizar nun prazo máximo de dous días hábiles contados desde o momento da identificación do tráfico non permitido que usa numeración non autorizada por parte do operador. Na notificación dirixida á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información deberase indicar o momento da identificación do tráfico non permitido que usa numeración non autorizada así como, de ser o caso, información que acredite o momento en que o dito tráfico comezou a producirse, se ambos os feitos non foron simultáneos.

Artigo 6. Actuacións ante o tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración ou o tráfico irregular con fins fraudulentos.

1. Os operadores que identifiquen nas súas redes ou servizos tráfico que consideren que poida responder ao suposto de tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración ou de tráfico irregular con fins fraudulentos poderán presentar unha solicitude razoada na cal requiran autorización para o bloqueo provisional da transmisión do dito tráfico, dirixida á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, ben en calquera dos lugares que se mencionan no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, ben a través da sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Na dita solicitude o operador deberá achegar as razóns, así como toda a información de que dispoña, que xustifiquen que o tráfico afectado se debe considerar como tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración ou como tráfico irregular con fins fraudulentos, incluíndo a indicación do momento da súa identificación por parte do operador así como, de ser o caso, información que acredite o momento en que o dito tráfico comezou a producirse, se ambos os feitos non foron simultáneos.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información resolverá as ditas solicitudes e notificará a resolución adoptada nun prazo máximo de tres meses, na cal autorizará ou denegará o bloqueo da transmisión do tráfico. Para ese efecto poderá solicitar informe á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre o impacto do bloqueo solicitado na regulación *ex ante* dos mercados, e poderá adoptar medidas cautelares autorizando o bloqueo da transmisión do tráfico.

Transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimada a solicitude, sen prexuízo da obriga da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información de resolver expresamente.

Contra as resolucións, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnalas directamente ante o órgano competente da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen que poidan ser simultáneos ambos os recursos.

2. Alternativamente ao establecido no punto anterior, os operadores que identifiquen tráfico non permitido que fai un uso indebido da numeración ou tráfico irregular con fins fraudulentos mediante os procedementos ou sistemas a que se refire o artigo 4 poderán, tras unha avaliación caso por caso, reter os pagamentos correspondentes a el, aplicando a retención desde o momento da identificación do dito tráfico ou, no caso de que o momento da identificación sexa posterior ao da produción, desde o momento en que acrediten que o tráfico comezou a producirse, cun prazo de trinta días naturais anteriores á data de identificación, salvo que nos seus acordos de interconexión, acceso e interoperabilidade acorden un prazo distinto.

Así mesmo, os ditos operadores, tras unha avaliación caso por caso, poderán bloquear temporalmente o tráfico dirixido a numeracións individuais que correspondan a determinadas orixes, destinos ou relacións contractuais, de conformidade cos criterios autorizados pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, segundo o establecido no artigo 4.

O operador que realice retención de pagamentos ou bloqueo de tráfico será responsable fronte ás posibles reclamacións dos titulares da numeración afectada polos posibles prexuízos causados polo dito bloqueo.

Cando os operadores realicen retención de pagamentos ou bloqueo de transmisión de tráfico segundo o establecido neste punto, notificaránllelo aos operadores e provedores de servizos afectados por este tráfico cos cales manteñan unha relación contractual, así como á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información. Neste último caso, achegarase toda a información necesaria para identificar o tráfico afectado, os criterios utilizados na súa avaliación e as medidas concretas adoptadas. Estas notificacións deberanse realizar nun prazo máximo de dous días hábiles contados desde o momento da identificación do tráfico polo operador. En todo momento o operador poderá achegar información complementaria ou adicional que permita identificar con maior precisión o tráfico afectado.

No prazo máximo de tres meses contados desde o momento en que se reciba a notificación de retención de pagamentos ou bloqueo de transmisión de tráfico a que se refire este punto, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da

Información poderá incoar un expediente para supervisar as medidas adoptadas polo operador, a raíz do cal poderá ordenar o cesamento do bloqueo da transmisión do tráfico e, de ser o caso, a realización do pagamento das cantidades que fosen retidas, incrementadas co xuro legal do diñeiro. Así mesmo, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá adoptar medidas cautelares nas cales se requira o operador para que non proceda á retención de pagamentos, ao bloqueo da transmisión do tráfico ou a ambas as medidas simultaneamente.

3. Os operadores deberán achegar toda a información complementaria que lles sexa requirida pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información en relación cos eventos de identificación de tráfico non permitido que fai un uso indebido de numeración ou de tráfico irregular con fins fraudulentos, ou das correspondentes medidas adoptadas, xa sexa como complemento á información que remitisen nas notificacións realizadas de acordo co presente artigo ou en relación con notificacións realizadas por outros operadores.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá establecer o contido e formato en que se deban presentar as notificacións e a información complementaria requirida.

4. Se da tramitación dos expedientes a que se refiren os puntos anteriores se desprende que as solicitudes ou notificacións correspondentes teñen a súa orixe nun conflito entre operadores en materia de acceso ou interconexión, a Comisión Nacional de dos Mercados e da Competencia resolverá sobre as cuestións obxecto do conflito, de acordo co sinalado no artigo 15 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

Artigo 7. *Medidas e actuacións por requirimento da Administración.*

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá en todo momento, de oficio, conforme os trámites procedementais e os prazos establecidos no artigo 6.1, requiririlles aos operadores que apliquen medidas de bloqueo da transmisión de tráfico, de retención de pagamentos ou ambas simultaneamente en relación co tráfico non permitido ou o tráfico irregular e, de ser o caso, adoptar medidas cautelares, cos obxectivos de:

- a) Garantir a integridade das redes e a seguridade das redes e servizos de comunicacións electrónicas.
- b) Garantir a calidade na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.
- c) Garantir os dereitos específicos dos usuarios de telecomunicacións.
- d) Controlar o uso da numeración asignada, en particular para garantir o cumprimento das condicións ligadas ao uso dos recursos públicos de numeración establecidas nos plans e nas instrucións referidos no artigo 2.
- e) Garantir o cumprimento de compromisos en materia de telecomunicacións asumidos polo Reino de España en organismos internacionais, en particular en relación co cumprimento das condicións ligadas ao uso dos recursos públicos de numeración internacional descritos na recomendación E.164 da Unión Internacional de Telecomunicacións.

Os operadores deberán ser quen de identificar nas redes que operen e nos servizos que presten o tráfico a que se refiran as citadas medidas para garantir o seu cumprimento efectivo.

Disposición adicional primeira. *Duración máxima dos bloqueos de tráfico.*

Os operadores que bloqueen tráfico de acordo co establecido no artigo 6 poderán manter o dito bloqueo durante un período máximo de doce meses, salvo que a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información resolva establecendo a aplicación dun prazo distinto. Transcorrido este prazo, os operadores non poderán aplicar o bloqueo. Mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderase

fixar unha duración máxima distinta, que poderá ser diferente en función do tipo de tráfico de que se trate.

Así mesmo, os operadores non poderán aplicar o bloqueo se se produce un cambio na titularidade do abonado das numeracións individuais afectadas e así llelo solicita o operador asignatario delas, así como cando as ditas numeracións se lle asignen a outro operador.

Disposición adicional segunda. *Acordos de interconexión, acceso e interoperabilidade.*

1. Os acordos de interconexión, acceso e interoperabilidade entre operadores subscritos de conformidade co establecido na Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, e no Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración, aprobado polo Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro, adecuaranse ao establecido no presente real decreto e nas súas disposicións de desenvolvemento.

En particular, os devanditos acordos deberán describir os procedementos que se aplicarán para o bloqueo do tráfico, a retención dos pagamentos e as correspondentes notificacións ao resto de operadores ou provedores de servizos.

Mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderanse establecer os requisitos que deberán recoller os ditos acordos cando, para asegurar o cumprimento do establecido no presente real decreto, sexa necesaria a colaboración entre operadores con relacións contractuais grosistas.

A falta de adecuación dos acordos non exime do cumprimento do establecido no presente real decreto, cuxas disposicións serán efectivas desde o momento da súa entrada en vigor.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia entenderá dos conflitos entre operadores na negociación destes acordos.

Disposición adicional terceira. *Limitación do gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Modificación dos acordos de interconexión, acceso e interoperabilidade entre operadores.*

No prazo de catro meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, os operadores a que se refire o artigo 1 revisarán e, de ser o caso, modificarán os acordos de interconexión, acceso a redes e aos seus recursos asociados e interoperabilidade de servizos, de acordo co establecido na disposición adicional segunda.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos aprobados previamente pola Administración.*

Os operadores que tivesen implantados procedementos previamente aprobados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a suspensión da interconexión de numeracións por tráfico irregular poderán seguir utilizando os ditos procedementos ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nas mesmas condicións en que o viñan facendo, durante un mes tras a entrada en vigor do presente real decreto.

Con todo, os operadores que soliciten a autorización de criterios para a implantación de sistemas ou procedementos segundo o establecido no artigo 4 deste real decreto no prazo dun mes contado desde a súa entrada en vigor poderán seguir utilizando os ditos procedementos previamente aprobados ata que a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información resolva sobre esta solicitude.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de maio de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ